



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE XUÑO DE 2014

LICENZAS

LIC/630/2014.- FRANCISCO PEREIRO PUMAR- Conceder licenza de obra para a construción dunha vivenda unifamiliar en LG O Queiroal.

LIC/1354/2013.- MARIA LUISAS OTERO LOPEZ .- Conceder licenza de obra para a construción dunha vivenda unifamiliar na Rúa Cima da Eira.

LIC/712/2014.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS XENERAL PARDIÑAS, 34.- Conceder licenza de obras para reforma do portal para a mellora da accesibilidade na Rúa Xeneral Pardiñas, 34.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

LIC/309/2014.- YAGOCASA SDAD. COOP. GALEGALIC/1993/2010.....6.000,00€
Adaptación dos Modelos normalizados de Comunicación Previa de Obras e Actividades á Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

4.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do "Proxecto de aforro de enerxía substitución de luminarias en parque Pablo Iglesias e Ponte Mantible.

A XGL aprobou este proxecto co obxecto de substituír 59 luminarias actuais tipo globo por un tipo de luminaria co que se conseguirá un aforro do 52,87% de enexía froito de diminuír a potencia destes elementos. Con esta acción lograse reducir a contaminación luminosa nocturna neste parque e alcanzar un maior nivel de luminosidade. O orzamento para este proxecto ascende a un importe de 41.202,74 € IVE incluído.

5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible, relativa ao proxecto de expropiacións para a execución do Río Sar en San Lázaro. Pago de prezo xusto fixado polo Xurado de Expropiación forzosa PARCELAS 266, 267, 268, 269, 270, 270-A, 270-D, 271, 314, 82 e 59.

A XGL aprobou o pago das cantidades resultantes da diferenza entre o que aboara o Concello e as establecidas polo xurado de expropiacións. Froito destas diferenzas o Concello aboará outro importe de 23.528,74 € para as 11 parcelas expropiadas para poder realizar a obra do Colector Xeral do río Sar.

6.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación de solicitude de subvención ao servizo de transporte colectivo urbano interior.

A XGL aprobou a solicitude de subvención ao servizo de transporte colectivo urbano interior segundo o establecemento na Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2014 que como sempre e, nunha cantidade que non é sempre a mesma, destínase para os gastos do servizo de transporte urbano interior.

7.- Corrección erro no punto nº 9 da sesión extraordinaria-urxente da Xunta de Goberno de data 6.6.14.

A XGL aprobou esta corrección de erros pola que se corrixe o acordo da XGL do 6 de xuño de 2014 no apartado sobre cambio de titulariedade da axuda a rehabilitación e onde pon Vista Alegre debe figurar Casco Histórico.

8.- Proposta da alcaldía relativa á subsanación no acordo nº 38 da sesión da Xunta de Goberno de data 19.6.14.

Aprobouse pola XGL a subsanación do acordo recollendo no listado as autorizacións concedidas a maiores das da XGL do 19 de xuño e deuse conta das autorizacións concedidas para a celebración de cacharelas e sardiñadas de dominio público.

9.- Corrección erro no punto nº 39 da sesión da Xunta de Goberno celebrada o día 19.6.14.

Correxiuse o acordo da XGL sobre solicitudes de renovación da concesión de uso das hortas urbanas. Onde di hortas municipais de abaixo ten que dicir hortas municipais de arriba.

10.- Proposta da alcaldía relativa ao nomeamento de substituto do director do contrato de sinalización horizontal e vertical.

No ano 2010 a XGL designou o Xefe da Sección de Circulación do Concello como director deste contrato de sinalización horizontal e vertical. Posto que non existía ningún nomeamento para casos de substitución, a XGL nomeou no día de hoxe a D. Constantino Campaña, Técnico de Tráfico, como substituto neste contrato cando o Director do mesmo non poida realizar as súas funcións por causa dalgunha eventualidade.

11.- Aprobación convenios Servizos Sociais.

A XGL aprobou hoxe 15 convenios de carácter social en favor de entidades e asociacións que fan un gran servizo na nosa cidade axudando aos máis desfavorecidos e necesitados. A achega que fai o Concello con estes convenios ascende á cantidade de 241.500 €.

-Convenio coa Asociación de persoas xordas de Santiago de Compostela, a achega do Concello é de 7.300 €.

-Convenio coa Fundación Secretariado Gitano, a achega do Concello é de 20.000 €.

-Convenio coa Asociación de pais de personas con discapacidade intelectual ASPAS, a achega do Concello é de 4.600 €.

-Convenio coa Fundación Andrea de apoio aos nenos con enfermidades de longa duración crónicas ou terminais, a achega do Concello é de 3.000 €.

-Convenio co Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, a achega do Concello é de 4.000 €.

-Convenio coa Asociación ITINERA de voluntarios de saúde mental, a achega do Concello é de 2.000 €.

-Convenio de colaboración para o ano 2014 co Centro Cultural Social Juan XXIII, a achega do Concello é de 3.000 €.

-Convenio coa Escuelade tiempo libre Don Bosco, a achega do Concello é de 3.000 €.

-Convenio coa Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home, a achega do Concello é de 42.000 €.

-Convenio coa Asociación Banco de Alimentos Rías Altas, a achega do Concello é de 12.000 €.

-Convenio coa Asociación de dano cerebral Sarela, a achega do Concello é de 2.000 €.

-Convenio coa Cruz Roja Española, a achega do Concello é de 22.000 €.

-Convenio con Cáritas Diocesana de Santiago – Atención primaria, a achega do Concello é de 70.000 €.

-Convenio coa Asociación de caridad San Vicente de Paúl de voluntarias de la caridad, a achega do Concello é de 4.600 €.

-Convenio coa Cociña Económica de Santiago, a achega do Concello é de 42.000 €.

12.- Obras para a mellora e pavimentación da Rúa 25 de Xullo.

A XGL aprobou este expediente que suporá o inicio do procedemento de contratación para a realización destas obras de mellora da pavimentación na Rúa 25 de xullo e que terá un importe de licitación de 232.127,66 € e con IVE aparte de 48.746,81 €. O prazo de execución destas obras será de 3 meses.

13.- Obras de Urbanización do SUNP-11 do Castiñeiriño.

A XGL adxudicou as obras do SUNP-11 á empresa DRAGADOS, S.A. por un importe de 2.258.107,95 € IVE incluído e distribuído por anualidades da seguinte forma:

Anualidade 2014: 752.702,65 €.

Anualidade 2015: 1.505.405,30 €.

As obras de reurbanización terán un período de execución de 9 meses.

14.- Proposta da concelleira delegada de Comercio relativa á concesión de subvencións para comercios de proximidade para reforma de locais de negocio e implantación de tics (Programa Urbana Santiago Norte cofinanciado con fondos FEDER).

A XGL aprobou a concesión destas subvencións para comercios de proximidade para reforma de locais de negocio e implantación de tics (Programa Urbana Santiago Norte cofinanciado con fondos FEDER. Estas axudas facilitarán a implantación das tics a un total de 14 persoas e empresas por un importe total de 27.877,59 €.

15.- Dar conta da sinatura de convenios.

Deuse conta á XGL da sinatura de dous convenios do Departamento de Cultura. Un co Curso Universitario Internacional de Música en Compostela que ten unha achega municipal de 3.825 €, e outro coa Real Sociedade Económica de Amigos do País que conta cunha achega do Concello de 5.400 €.

URXENCIAS

1.-Proposta de aprobación da memoria valorada do proxecto de instalación de bombeo para augas pluviais na Praza da Capela de San Xoán dos Pelamios.

A XGL aprobou esta actuación para evitar que se inunde a praza cando sube o nivel do regato do Corgo que pasa por esta zona dos Pelamios.

O importe da actuación conta cun orzamento de 11.568,77 € IVE incluído e terá un período de execución de 3 semanas.

2.-Xestión do servizo das escolas infantís municipais de CONXO e FONTIÑAS.- Incidencias na execución do contrato CON/105/2012 formalizado con CLECE SA.

Á vista do Informe da Xefatura de Servicio de Contratación e a proposta da Concelleira de Educación a XGL aprobou iniciar o expediente sancionador á empresa CLECE pola presunta infracción do artigo 25.b do prego de cláusulas administrativas particulares do Servicio de Xestión das Escolas Infantís de Conxo e Fontiñas.

Dito artigo tipifica como infracción grave *“O incumprimento das condicións de execución establecidas neste prego, na oferta do adxudicatario, nas ordenanzas municipais aplicables e demais normativa aplicable salvo que tivesen o carácter de moi grave”*

Esta infracción considerada grave podería ter unha sanción de entre 3.005,06 e 9.015,18 €.

Darase un prazo de 15 días hábiles á empresa para que presente as alegacións que estime pertinentes unha vez recibida a comunicación deste procedemento.

3.-Proposta de adaptación dos modelos normalizados de comunicación previa de obras e actividades á Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

A XGL aprobou esta proposta da Concelleira de Urbanismo coa que o Concello de Santiago adáptase á Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia que establece un réxime xurídico único do exercicio de actividades en Galicia.

Con este cambio adáptanse os modelos de comunicación de actuacións (mantemento, obra menor, apertura dun establecemento...) co que se facilitan os trámites aos cidadáns. O Concello xa viña aplicando desde hai dúas semanas estes cambios que se completan agora coa aprobación dos formularios coas modificacións introducidas pola mencionada lei.

Cando a apertura ou obra sexa no Casco Histórico, Perímetro azul ou Camiño de Santiago, haberá que solicitar un informe da Comisión Asesora do Casco Histórico e unha vez se teña o informe xa se poderá facer a comunicación.

4.- Proposta do Concelleiro de Deportes.

Aprobouse o convenio de colaboración entre o Concello e a Federación Galega de Baloncesto para a organización do I Campionato Jamboree de Clubs de Minibasquet. O Concello aporta para esta actividade a cantidade de 8.000 €.

5.-Servizo de Seguridade Campo de San Lázaro.

A XGL aprobou adxudicar o Servizo de vixilancia do Estadio Municipal de San Lázaro á empresa Servicios de Seguridade Integral e Mantemento A-1 S.L. por un importe de 63.485 € máis un IVE de 13.331,85 €. A licitación estaba establecida en 66.420,50 € máis IVE. Esta cantidade será de pago anual. A duración do contrato será ata o 30 de xuño do 2018.

O pago nos anos 2014 e 2018 será pola metade desta cantidade xa que, nestes dous anos, o contrato dura so a metade do ano.

6.-Proposta da Concellaría de Festas.

A XGL aprobou iniciar o expediente de contratación de Deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico do 31 de xullo das fesats do Apóstolo de 2014.

Para este contrato establécese un tipo de licitación de 23.586 € máis un IVE de 5.009,76 €